

COMISIÓN INFORMATIVA DE POLÍTICAS SOCIAIS

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **19 de novembro de 2025**

Ás 17.28 horas do día 19 de novembro de 2025, reúnese a Comisión Informativa de Políticas Sociais, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D. Manuel Seoane Rodríguez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Xosé Carlos Valcárcel Doval

D. Emilio Luís Díaz Vidal

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangane Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora accidental: D.^a María Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 22 DE OUTUBRO DE 2025 (EXP. Nº 2025/58C/CI).-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 22 de outubro de 2025.

Non se producen intervencións e, por maioría dos membros presentes, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Políticas Sociais do día 22 de outubro de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR CONTRA DA COMARCALIZACION DOS XULGADOS DE VIOLENCIA SOBRE A MULLER NA PROVINCIA DE OURENSE E EN DEFENSA DA XUSTIZA DE PROXIMIDADE (EXP. Nº 2025/24381C).-

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido da seguinte moción:

A loita contra a violencia de xénero é unha prioridade social e institucional ineludible, e un dos seus piares fundamentais, como tamén garantir un acceso rápido, próximo e eficaz das vítimas á xustiza. Os xulgados con competencia en Violencia sobre a Muller, distribuídos nos distintos partidos xudiciais, foron unha ferramenta esencial para materializar a "xustiza de proximidade", un concepto clave para protexer ás mulleres en situacións de extrema vulnerabilidade.

Con enorme preocupación, asistimos á entrada en vigor do Real Decreto 422/2025, do 3 de xuño, que no seu artigo 6 estende a xurisdición da Sección de Violencia sobre a Muller do Tribunal de Instancia de Ourense aos partidos xudiciais de Verín, O Carballiño, Xinzo de Limia, Ribadavia, Celanova e Bande. Esta medida supón, na práctica, a supresión das competencias nesta materia dos xulgados dos devanditos partidos e a súa centralización na capital da provincia.

Esta reforma, lonxe de mellorar a atención ás vítimas, xera un prexuízo irreparable para as mulleres da nosa provincia, especialmente para aquelas que residen no ámbito rural. Como ben expuxo o Centro de Información á Muller (C.I.M.) da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, esta medida obriga ás vítimas, nun estado de máxima fragilidade emocional e a miúdo con graves dificultades económicas e de mobilidade, a realizar longos e custosos desprazamentos ata Ourense para poder interpoñer unha denuncia, solicitar unha orde de protección ou asistir a calquera dilixencia xudicial.

Esta barreira xeográfica e económica non só dificulta o acceso á xustiza, senón que pode actuar como un elemento disuasorio para denunciar, perpetuando o ciclo da violencia e xerando unha profunda desconfianza no sistema. Prodúcese, ademais, unha clara

"revictimización" da muller, contravindo o espírito da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, cuxo obxectivo é, precisamente, facilitar o acceso á xustiza e garantir unha protección integral e próxima.

A medida non só prexudica ás vítimas, senón que afecta negativamente a todos os operadores xurídicos que as asisten —avogados/as, procuradores/as, persoal dos C.I.M., servizos sociais—, quen debe asumir desprazamentos que encarecen e retardan os procedementos, debilitando a coordinación áxil e interinstitucional que resulta imprescindible nestes casos.

Consciente da gravidade desta situación, o Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense, en defensa dos dereitos das vítimas e do correcto funcionamento do servizo público de xustiza, interpuxo un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Supremo contra o mencionado Real Decreto, solicitando ademais a suspensión cautelar da súa aplicación. O devandito recurso fundaméntase na posible vulneración de dereitos fundamentais, o incumprimento dos propios criterios establecidos polo Goberno e o CGPJ para a agrupación de xulgados (como a distancia ou a condición de partidos limítrofes), e a contravención de normativas como o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e as recomendacións da CEDAW sobre mulleres rurais.

Como institución que representa e defende os intereses de todos os municipios e cidadáns da provincia de Ourense, esta Deputación non pode permanecer allea a unha reforma que debilita a protección das mulleres máis vulnerables e desmantela un servizo público esencial no noso territorio.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes

ACORDOS:

1. MANIFESTAR o máis firme rexeitamento da Deputación Provincial de Ourense á centralización das competencias en Ourense cidade, en materia de Violencia sobre a Muller establecida polo Real Decreto 422/2025, do 3 de xuño, polo grave prexuízo que supón para as vítimas, especialmente as do medio rural, e polo menoscabo que implica para a xustiza de proximidade.

2. EXPRESAR o apoio institucional desta Deputación ao recurso contencioso-administrativo interposto polo Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense ante o Tribunal Supremo contra o Real Decreto 422/2025, do 3 de xuño, por considerar que os seus argumentos defenden o interese xeral da cidadanía da nosa provincia e a correcta tutela xudicial das vítimas de violencia de xénero.

3. *INSTAR ao Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes, ao Consello Xeral do Poder Xudicial e á Xunta de Galicia a reconsiderar a medida adoptada e a promover as accións necesarias para reverter esta centralización, mantendo a estrutura actual de competencias nos partidos xudiciais da provincia ou, na súa falta, explorando alternativas que garantan unha xustiza verdadeiramente accesible e próxima.*

4. *TRASLADAR os presentes acordos á Presidencia do Goberno de España, ao Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes, ao Consello Xeral do Poder Xudicial, á Presidencia da Xunta de Galicia, á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ao Valedor do Pobo e aos Concellos da provincia.*

Dona María Mangana Guede, do BNG, sinala que moitos dos argumentos da exposición de motivos desta moción foron empregados por ela nunha moción relativa á violencia contra as mulleres que trouxo o seu grupo no ano pasado, e que entón moitos integrantes do grupo do PP parecía que daquela non os compartían. Manifesta a reserva de voto do seu grupo para o Pleno.

Dona Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, intervén para manifestar a reserva de voto do seu grupo para o Pleno.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (4), do BNG (2) e de Democracia Ourensana (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1. MANIFESTAR o máis firme rexeitamento da Deputación Provincial de Ourense á centralización das competencias en Ourense cidade, en materia de Violencia sobre a Muller establecida polo Real Decreto 422/2025, do 3 de xuño, polo grave prexuízo que supón para as vítimas, especialmente as do medio rural, e polo menoscabo que implica para a xustiza de proximidade.
2. EXPRESAR o apoio institucional desta Deputación ao recurso contencioso-administrativo interposto polo Ilustre Colexio dá Avogacía de Ourense ante o Tribunal Supremo contra o Real Decreto 422/2025, do 3 de xuño, por considerar que os seus argumentos defenden o interese xeral da cidadanía da nosa provincia e a correcta tutela xudicial das vítimas de violencia de xénero.
3. INSTAR ao Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes, ao Consello Xeral do Poder Xudicial e á Xunta de Galicia a reconsiderar a medida adoptada e a promover as accións necesarias para reverter esta centralización, mantendo a estrutura actual de competencias nos partidos xudiciais da provincia ou, na súa falta,

explorando alternativas que garantan unha xustiza verdadeiramente accesible e próxima.

4. TRASLADAR os presentes acordos á Presidencia do Goberno de España, ao Ministerio da Presidencia, Xustiza e Relacións coas Cortes, ao Consello Xeral do Poder Xudicial, á Presidencia da Xunta de Galicia, á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ao Valedor do Pobo e aos Concellos da provincia.

3º.- MOCIÓN DO BNG SOLICITANDO MEDIDAS PARA A ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES NO TRABALLO (EXP. Nº 2025/24386W).-

D.^a María Mangana Guede, do BNG, expón o contido da seguinte moción:

Neste 2025 cumpríronse 18 anos da Lei galega contra a violencia machista aprobada no 2007 despois dun intenso traballo de escoita social. Esta foi unha lei pioneira e vangardista a nivel europeo: contemplou a visión da violencia contra as mulleres en todas as súas dimensións e como consecuencia do patriarcado, ampliou o seu recoñecemento máis alá do ámbito da parella e deseñou medidas integrais de sensibilización, prevención, protección e apoio ás mulleres que a sofren.

Desde entón, grazas á presión da mobilización feminista e ao esforzo de distintos colectivos, tamén do nacionalismo galega, houbo distintas melloras e puxéronse en marcha recursos importantes. Porén, non é suficiente e o sistema de loita contra a violencia machista en Galiza sofre os recortes aplicados nos servizos públicos durante as crises económicas.

Recentemente atopámonos cun caso de violencia a unha muller no traballo, con resultado de morte. Foi una traballadora do SAF do Porriño que foi agredida na casa onde prestaba os seus servizos.

Isto que parece un feito illado é mais frecuente do que poida parecer; estamos a falar de violencia no traballo, concretamente no que atinxe a mulleres.

A violencia no traballo refírese a calquera acto de violencia física, psicolóxica, sexual ou de xénero no lugar de traballo. Pode ser cometida tanto no nivel horizontal por compañeiros/as de traballo ou nivel vertical por persoas superiores á persoa violentada incluído no ámbito dixital, que pon en perigo, implícita ou explicitamente, a súa seguridade, benestar ou saúde física e mental. Isto inclúe tanto a violencia física (agresión física contra a persoa asalariada, así como danos aos bens da organización ou do persoal) como a violencia psicolóxica (intimidación, ameazas, actos de violencia psicolóxica susceptibles de causar danos (psicolóxicos e morais, etc.).

Existe tamén violencia no traballo provocada por clientes ou persoas alleas a una empresa determinada.

Dependendo de como se produza a exposición ao risco, determinarase o tipo de violencia que tivo lugar no lugar de traballo: violencia laboral, acoso laboral, acoso sexual, acoso por razón de sexo, acoso discriminatorio, etc.

A violencia non debe estar soamente relacionada coa agresión física e debe incluír outras condutas que poden violentar e intimidar a quen as sofre: condutas verbais, ameazantes, intimidatorias, abusivas e acosantes. De feito, e a pesar da gravidade e notoriedade das agresións con resultado de morte ou de danos físicos ás persoas, o problema da violencia no lugar de traballo está, principalmente, centrado nos abusos verbais e as ameazas, que son os incidentes máis comúns.

Considéranse condutas que poden xerar risco e posible dano á saúde:

Condutas de violencia física. Son aquelas que supoñen unha agresión desta natureza. Uso da forza física para producir danos físicos, psicolóxicos e/o sexuais. Inclúe: agresión física sobre a persoa traballadora, como empuxóns, patadas, puñadas, dentadas, puñaladas, disparos, etc. Ou causar danos en propiedades da organización ou do persoal.

Nos centros sanitarios ocorren moitas agresións físicas a persoal sanitario, especialmente naqueles que reciben a doentes (celadoras e auxiliares)

Condutas de violencia psicolóxica. Son comportamentos que supoñen unha agresión de natureza psíquica entre persoas. Intimidación, uso deliberado do poder, ameazas contra unha persoa ou grupo para causar dano psicolóxico e moral. Inclúe: Abuso verbal, xestual, intimidación, ameazas etc.

Condutas de violencia de xénero: Discriminación, acoso ou violencia contra as persoas polo seu xénero, identidade ou expresión do seu xénero.

As causas polas que existe violencia no traballo son moitas con outras tantas consecuencias Entorno laboral hostil: fomenta ou tolera a violencia, especialmente a psicolóxica.

Falta de procedementos e políticas claras para prever e abordar a violencia no traballo

Poder e control sobre outras traballadoras, na maioría das ocasións que suceden agresións son de tipo psicolóxico xeralmente por "poder" ocasionando que a traballadora acabe queimada "síndrome de burnout".

Estrés e presión laboral, que se traduce en ambiente hostil.

As consecuencias resúmense en catro puntos importantes:

- *Dano físico e emocional nas vítimas*

- *Problemas de saúde tanto mental como física (ansiedade, depresión ou estrés postraumático)*
- *Parda de produtividade e baixo rendemento laboral*
- *Custes significativos para as empresas e para as traballadoras*

Existen moitas teorías sobre as causas da violencia. Algunhas postulan que os comportamentos agresivos son froito da aprendizaxe, ben por imitación de acontecementos familiares similares, culturais, dos propios medios de comunicación ou pola posible ausencia de consecuencias que segue, en certos casos, a un certo acto de violencia, o que tende a reforzar esta conduta. Tamén é explicado o incremento das taxas de violencia pola adopción de valores que soportan a violencia. Tamén son fontes de violencia as iniquidades económicas e o inadecuado e desigual acceso a bens e oportunidades. Así, as causas da violencia poden ser moitas, aínda que algunhas causas inmediatas poden ser facilmente identificables (conflictos coa autoridade, cólera, frustración, problemas de comunicación ...). En moitas ocasións a violencia segue un curso gradual: comeza por situacións nas que se empeza falando e vaise pasando a cotas de maior intensidade. A propia reacción das traballadoras ante tal situación pode contribuír a determinar o curso dos acontecementos nun sentido ou outro.

A pesar da existencia de gran cantidade de documentación sobre a violencia de xénero non traballo non é posible atopar datos fiables de casos que se producen no país ou en concreto en Ourense. Ten que acontecer un suceso coma o acontecido no Porriño para que poñamos a lupa sobre feitos similares.

No verán de 2025 coñecemos un informe demoledor do Consello de Contas no que se avalían as políticas públicas da Xunta en materia de violencia de xénero no período 2018-2022. Entre outras cuestións, este Informe sinala que, malia a súa importancia, a Xunta de Galiza só destina a prevención un 3% dos recursos. Ademais, o informe sinala o recorte de persoal e a falta de construción dun sistema público e directo de atención ás vítimas, de maneira que o goberno galego foi descasando funcións que lle son propias nos concellos, sobrecargándoos, ou privatizando servizos. Así, no período 2018-2022 os centros de acollida para vítimas de violencia son entidades municipais ou propiedade de entidades privadas.

Por todo o anterior o grupo do Bloque Nacionalista Galego (BNG), propón os seguintes acordos ao Pleno da Deputación Provincial de Ourense

ACORDOS

1.- Instar a Xunta de Galiza a:

- *A creación dun rexistro de incidentes de violencia contra as mulleres no ámbito laboral.*
- *A que desenvolva políticas e programas específicos para previr e erradicar a violencia contra as mulleres no traballo.*
- *Atender as recomendacións e deficiencias sinaladas polo Consello de Contas no seu Informe de fiscalización das actuacións para a prevención integral da violencia de xénero na Comunidade Autónoma no período comprendido entre 2018 e 2022 e, singularmente, pautar o incremento de persoal, o incremento do orzamento destinado a prevención e sensibilización, a planificación dos procesos de contratación e subvencións con publicidade e concorrncia e a aprobación dun plan estratéxico específico para a loita contra a violencia machista.*
- *Impulsar un novo marco regulamentario e orzamentario, incrementando a súa contribución, para os Centros de Información á Muller co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados, impulsar a fixación de rateos mínimos de persoal e favorecer a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM.*

2.- Que dende as Áreas de Benestar e Transparencia e Goberno Aberto da Deputación Provincial de Ourense se artelle un plan de difusión sobre medidas de protección e apoio para previr e responder á violencia contra as mulleres no traballo, contando coas asociacións do empresariado, organizacións sindicais e de mulleres, co obxectivo da erradicación da violencia contra as mulleres no traballo.

Dona Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, intervén para manifestar a reserva de voto do seu grupo para o Pleno.

Dona Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, intervén para manifestar a reserva de voto do seu grupo para o Pleno.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG (2) e a abstención do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (4) e de Democracia Ourensana (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1.- Instar a Xunta de Galiza a:

- A creación dun rexistro de incidentes de violencia contra as mulleres no ámbito laboral.
- A que desenvolva políticas e programas específicos para previr e erradicar a violencia contra as mulleres no traballo.

- Atender as recomendacións e deficiencias sinaladas polo Consello de Contas no seu Informe de fiscalización das actuacións para a prevención integral da violencia de xénero na Comunidade Autónoma no período comprendido entre 2018 e 2022 e, singularmente, pautar o incremento de persoal, o incremento do orzamento destinado a prevención e sensibilización, a planificación dos procesos de contratación e subvencións con publicidade e concorrència e a aprobación dun plan estratéxico específico para a loita contra a violencia machista.
- Impulsar un novo marco regulamentario e orzamentario, incrementando a súa contribución, para os Centros de Información á Muller co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados, impulsar a fixación de rateos mínimos de persoal e favorecer a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM.

2.- Que dende as Áreas de Benestar e Transparencia e Goberno Aberto da Deputación Provincial de Ourense se artelle un plan de difusión sobre medidas de protección e apoio para previr e responder á violencia contra as mulleres no traballo, contando coas asociacións do empresariado, organizacións sindicais e de mulleres, co obxectivo da erradicación da violencia contra as mulleres no traballo.

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formulan.

E, ás 17.36 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.